

NORMATIVA DE APLICACIÓN PARA O PERSOAL DOCENTE

permisos



licenzas



reducións



excedencias



Permisos

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun/ dunha familiar	Orde 29/1/2016 Artigo 3	Anexo V Documentación a determinar pola dirección. Órgano: D	1º Grao: 3 ou 5 días hábiles. 2º Grao: 2 ou 4 días hábiles. Depende de se é na mesma localidade ou non. Para os efectos deste artigo non se consideran hábiles os sábados, domingos e festivos.	Retribuído. As enfermidades graves son as enunciadas no RD 1148/2011. No caso de falecemento, os días deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores. Nos demais casos poden collerse de forma descontinua. Computarase o día do feito causante cando a persoa non preste servizos e lle correspondese prestalos. Considérase hospitalización cando a estadia no hospital inclúa como mínimo unha noite e unha comida principal. A localidade de referencia é a de residencia comunicada ao centro. No caso de intervención que requira repouso domiciliario a localidade será aquela na que se produza o repouso. Se sobrevén falecemento iníciase o cómputo dun novo permiso.
Permiso por traslado de domicilio	Orde 29/1/2016 Artigo 4	Anexo V Documentación a determinar pola dirección. Órgano: D	1 día (2 en familias de 2 ou máis persoas). Se é a outra localidade: 2 ou 4 días respectivamente.	Retribuído no marco dunha prestación de servizos continuada. Os cambios e adxudicacións de destino non dan dereito a este permiso.
Permiso para exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público	Orde 29/1/2016 Artigo 6	Anexo V Documento acreditativo de asistencia. Órgano: D	Durante o día de celebración das probas.	Retribuído. Inclúense probas de ingreso na función pública e exames parciais que liberen parte do programa. Teñen que estar convocados por centros oficiais. Inclúese tamén o tempo mínimo para a viaxe de ida e volta.
Permiso por lactación	Orde 29/1/2016 Artigo 7 Artigo 48.f do EBEP (redacción dada polo RD-lei 6/2019)	Anexo IV Fotocopia cotexada do libro de familia ou inscrición de nacemento no Rexistro civil. Órgano: XT	1 hora diaria, que pode dividirse en dúas fraccións de media hora ou a acumulación correspondente (4 semanas por cada crianza). En partos múltiples a duración incrementase en proporción ao número de crianzas.	Retribuído. Persoal e intrasferíbel para ambos cónxuxes. Pode acumularse total ou parcialmente. O persoal substituto poderá acumular as horas en proporción aos servizos prestados desde o remate do permiso por parto, adopción ou acollemento até que finalice o curso ou se cumpran 12 meses do nacemento, adopción ou acollemento. Tenderase a que a acumulación sexa de dúas semanas continuadas como mínimo. Para coller o permiso acumulado cada un dos proxenitores deben agardar a que rematen os seus respectivos permisos (o de nacemento, adopción ou acollemento ou o da outra persoa proxenitora).

NOTA SOBRE OS PRAZOS DE TRAMITACIÓN:

Como norma xeral o prazo de presentación das solicitudes ante a Dirección é de tres días hábiles e ante a Xefatura Territorial é de 10 días hábiles.

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Permiso polo nacemento de fillos/as que deban permanecer hospitalizados/as	Orde 29/1/2016 Artigo 8	Anexo IV Fotocopia cotexada da partida de nacemento. Documento que acredite a hospitalización. Órgano: XT	Dereito a ausentarse do posto de traballo un máximo de 2 horas diarias mentres dure a hospitalización.	Retribuído. Tamén se inclúe o dereito a unha redución de até dúas horas con diminución proporcional das retribucións que pode prolongarse despois da alta hospitalaria mentres o/a fillo/a precise coidados. En caso de conflito cos dereitos do alumnado as horas serán no horario complementario fixo.
Permiso para exames prenatais e preparación ao parto	Orde 29/1/2016 Artigo 9	Anexo V Xustificación da necesidade de realización na xornada laboral e documento de asistencia. Órgano: D	Polo tempo necesario.	Retribuído. Válido tamén para o cónxuxe ou parella acompañante. Precísase xustificar a necesidade de facelo durante a xornada laboral. Nos casos de adopción ou acollemento inclúe a asistencia ás sesións previas de información e de preparación e para a declaración de idoneidade.
Permiso para tratamentos de fecundación asistida	Orde 29/1/2016 Artigo 10	Anexo V Xustificación da necesidade de realización na xornada laboral e documento de asistencia. Órgano: D	Polo tempo necesario.	Retribuído. Precísase aviso previo e xustificación da necesidade de facelo durante a xornada laboral. En caso de desprazamento o permiso será de 2 días. Válido tamén para o cónxuxe ou parella acompañante.
Permiso por matrimonio ou unión de feito	Orde 29/1/2016 Artigo 11	Anexo IV Fotocopia cotexada do libro de familia ou inscrición nun rexistro oficial de parellas de feito. Órgano: XT	15 días naturais seguidos.	Retribuído. Deberase gozar, con carácter xeral, en datas que comprendan o día do feito causante ou inmediatamente despois. Excepcionalmente e, por causa motivada, pode ser noutras datas dentro do curso académico.
Permiso por matrimonio de familiares	Orde 29/1/2016 Artigo 12	Anexo V Documentación a determinar pola dirección. Órgano: D	O día da celebración.	Retribuído. Concédesse en casamentos de familiares até 2º grao de consanguinidade e 1º de afinidade
Permiso por accidente ou enfermidades moi graves	Orde 29/1/2016 Artigo 13	Anexo IV Informe médico e xustificación documental do parentesco. Órgano: XT	30 días naturais, que poden gozarse separados ou acumulados.	Retribuído. Afecta á parella e familiares de 1º grao. Pódese gozar no caso de familiares de 2º grao conviventes ou que non teñan familiares de 1º grao. Se houberse máis dun titular poderase ratear. Precísase informe previo da Inspección médica educativa. Non pode ser inferior a 7 días, nin rematar un venres e reiniciarse o luns seguinte.

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Para o cumprimento de deberes inescusábeis de carácter público ou persoal, relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e máis de asistencia a consultas e revisións médicas	Orde 29/1/2016 Artigo 14	Anexo V Documentación xustificativa. Órgano: D	Polo tempo indispensábel.	Retribuído. Engádense os deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e máis de asistencia a consultas e revisións médicas propias, para acompañar (sempre que se acredite a necesidade) á parella, aos fillos ou fillas, así como a persoas maiores a cargo do/a solicitante. Se van ser revisións cunha certa periodicidade presentarase unha única solicitude. Pode implicar o nomeamento de persoal substituto. Inclúense as enfermidades leves non superiores a 3 días cando se aporte xustificación documental.
Permiso para asuntos persoais	Orde 29/1/2016 Artigo 15	Anexo V Sen xustificación Órgano: D	Até 4 días.	Retribuído. Dos catro días dous poderán ser en días lectivos. A conceder en función das necesidades do servizo.
Permiso por parto (ou por nacemento para a nai biolóxica)	Orde 29/1/2016 Artigo 17 Modificado pola Lei 3/2018 (Xunta) Artigo 49.a do EBEP (redacción dada polo RD-lei 6/2019) Instrucións da Consellaría	Anexo IV Certificado médico oficial, do Rexistro Civil ou presentación do libro de familia e no caso de ampliación documentación xustificativa. Órgano: XT	22 semanas.	Retribuído. Descanso obrigatorio nas 6 primeiras semanas. Ampliación de 2 semanas* no suposto de discapacidade do fillo/a e por cada fillo/a a partir do 2º en parto múltiple. <i>*A Consellaría interpreta que a ampliación por discapacidade da filla ou fillo se limita a 1 semana ao se ter que repartir coa parella, segundo nova redacción do EBEP. A CIG-Ensino presentou un recurso contra esta decisión.</i> O permiso ampliarase no caso de hospitalización do fillo/a até un máximo de 13 semanas adicionais. Teranse en conta os internamentos iniciados nos 30 días naturais seguintes ao parto. En caso de falecemento da nai o outro proxenitor poderá facer uso do resto do permiso. En caso de falecemento do fillo ou filla a duración do permiso non se reducirá. Se ambos proxenitores traballan, as semanas do permiso posteriores ás 6 semanas obrigatorias poderán gozarse de maneira interrompida até que o fillo ou filla cumpra 12 meses. Neste caso será por semanas completas e preavisando con 15 días de antelación. Pode gozarse a tempo total ou parcial (1/3 ou 1/2 da xornada). A partir da 6ª semana pode participarse en actividades de formación.

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Permiso para as mulleres en estado de xestación	Orde 24/2/2016 Artigo 17.bis	Solicitud e documentación xustificativa. Órgano: 	Até a data do parto.	Retribuído a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo e até a data do parto. No suposto de xestación múltiple poderase iniciar o primeiro día da semana 35 de embarazo.
Permiso por adopción ou acollemento	Orde 29/1/2016 Artigo 18 Lei 3/2018 (Xunta) Artigo 49.b do EBEP (redacción dada polo RD-lei 6/2019) Instrucións da Consellaría	Anexo IV Resolución administrativa/xudicial. Para inicialo antes documentación que acredite a tramitación da adopción internacional. Órgano: 	22 semanas.	Retribuído. Descanso obrigatorio nas 6 primeiras semanas despois da resolución administrativa ou xudicial. A elección, entre ambas resolucións, para decidir con que data comeza o goce do permiso, é decisión do proxenitor. O permiso pode iniciarse 4 semanas antes da resolución. <i>*Ampliación de 2 semanas no suposto de discapacidade do fillo/a e por cada fillo/a a partir do 2º en parto múltiple. A Consellaría interpreta que a ampliación por discapacidade da filla ou fillo se limita a 1 semana ao se ter que repartir coa parella, segundo nova redacción do EBEP. A CIG-Ensino presentou un recurso contra esta decisión.</i> En caso de falecemento da persoa titular deste permiso o outro proxenitor poderá facer uso do resto do permiso. En caso de falecemento do fillo ou filla a duración do permiso non se reducirá. Se ambos proxenitores traballan, as semanas do permiso posteriores ás 6 semanas obrigatorias poderán gozarse de maneira interrompida até que o fillo ou filla cumpra 12 meses. Neste caso será por semanas completas e preavisando con 15 días de antelación. Pode gozarse a tempo total ou parcial (1/3 ou 1/2 da xornada). Se fose preciso o desprazamento internacional previo terase dereito a un permiso de até 3 meses, enteiros ou fraccionados, retribuídos só coas retribucións básicas. Para os efectos deste artigo terá a consideración de acollemento simple o que teña a duración dun curso. A partir da 6ª semana pode participarse en actividades de formación.
Permiso por violencia de xénero	Orde 29/1/2016 Artigo 21 Artigo 49.d do EBEP (redacción dada polo RD-lei 6/2019)	Anexo IV Acreditación segundo artigo 5 da Lei 11/2007 Órgano: 	Polo tempo necesario.	Retribuído. As faltas totais ou parciais serán xustificadas cun informe dos servizos sociais ou sanitarios nos sete días seguintes. Tamén se terá dereito á redución de xornada ou a adaptación de horario. Se a redución de xornada é dun terzo ou menos da xornada manterá as retribucións íntegras.

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Permiso da outra persoa proxenitora por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo/a	Orde 29/1/2016 Artigo 19 Lei 3/2018 (Xunta) Artigo 49.c do EBEP (redacción dada polo RD-lei 6/2019) Instrucións da Consellaría	Anexo IV Certificado médico oficial, do Rexistro Civil ou presentación do libro de familia. Órgano: XT	2019: 8 semanas 2020: 12 semanas 2021: 16 semanas	Retribuído. Descanso obrigatorio e ininterrompido nas 6 primeiras semanas a partir do 2021 (2 semanas no 2019 e 4 semanas no 2020). <i>*Ampliación de 1 semana no suposto de discapacidade do fillo/a e por cada fillo/a a partir do 2º en parto múltiple. O permiso ampliarase no caso de hospitalización do fillo/a até un máximo de 13 semanas adicionais. Teranse en conta os internamentos iniciados nos 30 días naturais seguintes ao parto.</i> En caso de falecemento do outro proxenitor, a persoa que estea gozando do permiso por nacemento da nai biolóxica, por adopción ou acollemento poderá facer uso do resto do permiso. En caso de falecemento do fillo ou filla a duración do permiso non se reducirá. Se ambos proxenitores traballan, as semanas do permiso posteriores ás 6 semanas obrigatorias poderán gozarse de maneira interrompida até que o fillo ou filla cumpra 12 meses. Neste caso será por semanas completas e preavisando con 15 días de antelación. Pode gozarse a tempo total ou parcial (1/3 ou 1/2 da xornada). A partir da 6ª semana pode participarse en actividades de formación.
Permiso para asistencia a actividades de formación	Orde 29/1/2016 Artigo 22	Anexo I, II, III. Órgano: XT	Polo tempo necesario e até un máximo de catro días lectivos.	Cursos organizados por servizos centrais: a admisión implica o permiso (previa notificación da Inspección). Cursos dos CEFORE: só fóra do horario lectivo. Outros (universidades, sindicatos, asociacións profesionais ou similares): solicitude con informe da dirección cun mínimo de 10 días de antelación.
Imprevistos	Orde 29/1/2016 Artigo 33	Anexo V Órgano: D	24 períodos lectivos.	Imprevistos ou enfermidades leves inferiores a 3 días con xustificación non documental.

Permisos por parto, adopción ou acollemento e permiso da outra persoa proxenitora no caso do persoal interino e substituto

O persoal funcionario interino ou substituto docente que non estivese prestando servizos e reúna os requisitos para estar gozando dos permisos de parto, adopción ou acollemento, do permiso por lactación ou da licenza por risco no embarazo terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lle correspondan, tomando posesión coa finalidade de que os servizos que lle correspondería prestar lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos e económicos oportunos, neste último caso sempre e cando non tivese dereito ás prestacións correspondentes.

No suposto de que no momento da finalización do permiso estivese vixente o nomeamento de interinidade ou substitución, terá dereito a optar pola incorporación á praza. Se ao rematar o permiso xa non está vixente o nomeamento cesará nel tamén para os efectos administrativos. A Seguridade Social só dá 16 semanas de permiso mais a Consellaría recoñece o dereito a 22, polo que a persoa substituta que remate as 16 semanas ten dereito a continuar de permiso até as 22 semanas, para o que é preciso xestionalo coa Xefatura Territorial na que se ten o destino.

Este persoal poderá, así mesmo, tomar posesión coa pretensión de solicitar a excedencia por coidado de familiares regulada no artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



A documentación esixida para os permisos e licenzas regulados na Orde de 29 de xaneiro de 2016 aparece recollida na súa totalidade no seu anexo VI (DOG do 15 de febreiro de 2016)

Licenzas

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Por asuntos propios	Orde 29/1/2016 Artigo 23	Anexo IV Órgano: XT	3 meses cada 2 anos. Con carácter xeral non inferior a 5 días.	Non retribuída. Subordinada ás necesidades do servizo. Durante o seu goce o persoal segue suxeito ao réxime de incompatibilidades. Pode solicitala o persoal interino.
Por enfermidade propia (I.T.)	Lei 2/2015 Artigos 128 e 146	Anexo IV Parte de baixa médica oficial (MUFACE ou Seguridade Social). Órgano: XT	Persoal funcionario de carreira (MUFACE): até 24 meses (incluíndo 2 prórrogas de 6 meses). Persoal interino (Réxime Xeral): até 18 meses (con unha prórroga de 6 meses). Poderá haber 6 meses máis de prórroga sen obriga de cotizar.	Retribuída co 100% das retribucións do primeiro mes de I.T.. O persoal do Réxime de MUFACE pasa a cobrar as retribucións básicas por parte da Consellaría e o subsidio de MUFACE a partir do día 91. A diferenza que poida existir entre as retribucións que recibiría estando de alta e a suma das retribucións básicas e o subsidio de MUFACE ten que complementalo a Consellaría para acadar o 100% das retribucións.
Por risco durante o embarazo ou o período de lactación natural	Orde 29/1/2016 Artigo 25	Anexo IV Órgano: XT	Polo tempo necesario cando non sexa posíbel a adaptación das condicións ou do posto de traballo.	Retribuída.
Por estudos	Orde 29/1/2016 Artigo 26	Anexo IV Órgano: XT	Segundo a convocatoria de licenzas por estudos.	Retribuída. Pódense conceder ao persoal funcionario de carreira e en prácticas.
Para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria	Orde 29/1/2016 Artigo 27	Anexo IV Órgano: XT	Por un período non superior a 6 meses.	Poderán ter carácter retribuído no suposto e cos requisitos que, se fose o caso, se determinen.
Para supostos de hospitalización prolongada	Orde 29/1/2016 Artigo 28	Anexo IV Órgano: XT	Até 1 mes.	Non retribuída. Para atender o cónxuxe, parella de feito ou parentes que residan coa persoa funcionaria no caso de hospitalización prolongada por enfermidade grave ou que implique repouso domiciliario.

Reducións de xornada

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Por coidado dun/dunha familiar	Orde 29/1/2016 Artigo 30.1	Anexo IV Fotocopia cotexada do libro de familia. Documento médico que acredite o carácter moi grave. Se o familiar é en 2º grao, documento que acredite que non existen superviventes de 1º grao ou están incapacitados para o seu coidado. Órgano: XT	1 mes (excepcionalmente 2 meses). Non pode ser inferior a 7 días.	Retribuída. Para familiares de 1º grao. Excepcionalmente pode outorgarse por familiares de 2º grao. Redución de até o 50% da xornada laboral. Se hai máis dun/ dunha titular do dereito poderase ratear.
Por coidado de fillo/a menor que padeza cancro ou outra enfermidade grave	Orde 29/1/2016 Artigo 30.2	Anexo IV Informe médico do menor. Fotocopia do libro de familia ou equivalente. Acreditación da condición de persoa asalariada do outro proxenitor. Órgano: XT	Período inicial dun ano, prorrogable por períodos de seis meses, como máximo, até que o menor faga os 18 anos.	Retribuída. Concédesse nos casos nos que os dous proxenitores traballen e mentres dure o ingreso hospitalario de longa duración ou a hospitalización a domicilio e requira coidado directo e permanente. A redución será como mínimo da metade da xornada, percibindo as retribucións íntegras a cargo da Consellaría. Precísase informe do Servizo de Saúde e da Inspección médica. Se ambos proxenitores teñen dereito a este permiso ou a prestación da Seguridade Social, só un deles poderá ter dereito ás retribucións íntegras.
Por violencia de xénero	Orde 29/1/2016 Artigo 31 Artigo 49.d do EBEP (redacción dada polo RD-lei 6/2019)	Anexo IV Acreditación segundo artigo 5 da Lei 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Órgano: XT	Polo tempo necesario.	Retribuída coa redución proporcional de haberes. Tamén terán dereito á adaptación e flexibilización do seu horario, neste caso supeditada á organización do centro. Se a redución de xornada é dun terzo ou menos da xornada manterá as retribucións íntegras.
Redución de xornada para adaptación progresiva da xornada para tratamentos oncolóxicos	Orde 24/2/2016 Artigo 30.3	Solicitud e documentación xustificativa. Órgano: XT logo de informe da inspección médica educativa	Até un mes desde a alta médica, ampliábel un mes máis baixo xustificación.	Retribuída. A Xefatura Territorial poderá conceder a redución de 1/2 xornada cando coadruve á plena recuperación funcional da persoa ou evite situacións de especial dificultade ou penosidade no desempeño do seu traballo.

Tipos	Norma	Tramitación	Duración	Observacións
Por garda legal	Orde 29/1/2016 Artigo 32.1	Anexo IV Fotocopia cotexada do libro de familia. Copia cotexada da resolución administrativa de garda legal. Xustificación da Axencia Tributaria de que a persoa que xera o dereito non desempeña actividade retribuída. Declaración da solicitante de non realizar ningunha actividade no horario de redución. Órgano: 	Redución de 1/3 ou 1/2 da xornada laboral.	Retribuído con redución proporcional de haberes. Este permiso pode solicitarse para coidado de fillos menores de 12 anos, persoas maiores a cargo ou unha persoa con discapacidade sen actividade retribuída. Tamén para o coidado directo da parella ou dun/dunha familiar de 2º grado que non se poidan valer por si mesmos/as e que non desempeñen actividade retribuída. Incompatíbel co desempeño doutra actividade no horario obxecto da redución. Pode acumularse ao permiso de lactación. Pode eximir da obriga de impartir docencia todos os días da semana. A redución será proporcional entre o horario lectivo e o complementario fixo e semanal de permanencia no centro.
Por interese particular	Orde 29/1/2016 Artigo 32.2	Anexo IV Órgano: 	Redución de 1/2 da xornada laboral.	Retribuído con redución proporcional de haberes. Pode eximir da obriga de impartir docencia todos os días da semana. Será proporcional entre o horario lectivo e o complementario fixo e semanal de permanencia no centro.

Graos de parentesco

1º grao

cónxuxe, nai/pai, fillo(s)/a(s)
sogro/a, xenro/nora

2º grao

irmáns/irmás, cuñados/as
avós/avoas, netos/as

Excedencias

Tipos	Norma	Tramitación	Prazos	Duración	Observacións
Excedencia por prestación de servizos no sector público	Lei 2/2015 Artigo 174	Solicitud Órgano: Dirección Xeral de Centros e RRHH	Prazo para resolver: 3 meses con efectos estimatorios.	Non se contempla.	Non retribuída nin computábel a efectos de antigüidade ou xubilación. Incompatibilidade por prestar servizos noutro corpo, escala, organismos ou entidades do sector público.
Excedencia voluntaria por interese particular	Lei 2/2015 Artigo 173	Solicitud Órgano: Dirección Xeral de Centros e RRHH	Prazo para resolver: 3 meses con efectos desestimatorios.	Duración mínima de 1 ano.	Non retribuída nin computábel a efectos de antigüidade ou xubilación. Requisito: 3 anos inmediatamente anteriores de servizos prestados.
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	Lei 2/2015 Artigo 175	Solicitud Órgano: Dirección Xeral de Centros e RRHH	Prazo para resolver: 3 meses con efectos estimatorios.	Polo tempo necesario.	Non retribuída nin computábel a efectos de antigüidade ou xubilación. Requisito: cónxuxe empregado do sector público residente noutro concello por destino definitivo.
Excedencia por coidado de familiares	Lei 2/2015 Artigo 176	Solicitud Libro de familia ou xustificación das circunstancias familiares. Órgano: Dirección Xeral de Centros e RRHH	Prazo para resolver: 10 días con efectos estimatorios.	Até 3 anos.	Non retribuída. Computa a efectos de antigüidade, carreira e xubilación. Pódese participar en cursos de formación. Reserva do posto de traballo durante o período de excedencia. Pode gozarse de forma fraccionada, en períodos mínimos de 1 mes. Poderanse desempeñar outras actividades retribuídas suxeitas a autorización previa e cumprimento da normativa de incompatibilidade. O persoal interino ten dereito e resévaselle o posto mentres non sexa cesado.
Excedencia por violencia de xénero	Lei 2/2015 Artigo 177	Solicitud. Documento xustificativo. Órgano: Dirección Xeral de RRHH	Non se contemplan prazos.	Até 18 meses, (con prórrogas trimestrais desde o 6º mes).	Retribucións íntegras nos 3 primeiros meses. Reserva do posto de traballo, sendo computábel aos efectos de antigüidade, carreira e xubilación.

INFÓRMATE dos dereitos que che corresponden como persoal docente.
AFÍLIATE para a estar ao día de toda a información e para sermos máis fortes á hora de negociar melloras nas túas condicións de traballo.

Novidades nos permisos de parto, adopción e acollemento e da outra persoa proxenitora a respecto da posibilidade de alongar a súa duración mediante a súa interrupción temporal


O Real Decreto Lei 6/2019 que entrou en vigor o pasado 1 de abril trouxo consigo algo máis que o aumento na duración do permiso da outra persoa proxenitora de forma progresiva até as 16 semanas en 2021. Outra das novidades, de especial relevancia para o persoal docente, foi a posibilidade -sempre que ambas persoas proxenitoras traballen- de **interromper o permiso despois das primeiras semanas de goce obrigatorio durante os primeiros doce meses** desde a data de nacemento, adopción ou acollemento das crianzas. Na práctica isto permite unha **prolongación do permiso máis alá das 22 semanas** no caso da nai biolóxica ou equivalente no caso de adopción ou acollemento **e das 8 semanas en 2019, das 12 en 2020 e das 16 en 2021** que lle corresponden á outra persoa proxenitora.

Coa anterior Orde 29/1/2016 que regulaba os permisos e licenzas do profesorado galego era obrigatorio gozar estes permisos de forma ininterrompida pero desde o pasado 1 de abril calquera docente poderá -pasadas esas primeiras semanas de descanso obrigatorio, que este ano son 6 para a nai e 4 para a outra persoa proxenitora- interromper o permiso, por exemplo, durante os **períodos vacacionais do verán, Nadal ou Semana Santa**.

Para facelo deberán comunicarllo á administración con 15 días de antelación e a suspensión deberá ser, iso si, por semanas completas.

A outra gran novidade é que o **permiso de lactación** pasa a ser un **permiso persoal e intrasferíbel para ambas persoas proxenitoras**. É dicir, que a outra persoa proxenitora tamén poderá gozar ou ben da redución dunha hora diaria da súa xornada laboral ou acumulalo total ou parcialmente.

Para coller os permisos acumulados cada un dos membros da parella debe agardar a rematar de gozar o seu respectivo permiso por nacemento, adopción ou acollemento. No caso de persoal substituto a Consellaría calcula os días de permiso acumulado tendo en conta a duración do contrato e o tempo existente entre a finalización deste e a data de remate do permiso de nacemento, adopción, acollemento ou da outra persoa proxenitora. Ponte en contacto coa CIG-Ensino se tes dúbidas sobre este cálculo.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomino@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal